



"Un texto literario é para oír", asegura Bernardino Graña na autonálise que acompaña a este poema no número de maio de 1993, un texto no que o chamado 'poeta do mar' fai unha auténtica autopéutica -"escóitese a si mesmo. Escoitará o mar", escribe-. Bernardino Graña (Cangas, 1932), un dos poetas máis queridos de Revista das Letras, é un dos homes de Brais Pinto e un home que, pola súa peripecia e forma de enfrentarse á creación literaria, entronca facilmente nos roteiros máis singulares que seguiu a poesía galega desde os anos oitenta. Entre os seus libros, o célebre 'Non vexo Vigo nin Cangas' (1975).

Bernardino Graña

Febre no mar

Os carrumeiros mestos
buligan entre os peixes
levantan testas torpes
teñen máis mans que as larvas sen quitina
dos duros caranguexos
cunchas de nácar
regos
onde escorra o verde
maruxías continuas
cheirosas a cabalo e zocos vellos
felechos
barbas raras
descontrolando os censos
todo o que vén á beira e queda en praia
en celestial moi fina e branca area
todo o que vai medrando no segredo
dos laños
pozas
rías
nos abismos
polo verde.
E ás veces vén en namcos rebrincando ledos
en gárgolas que choutan van deica o aire en superficie
en estalidos brancos
choutando
retrincando
en mil camiños
can e veñen
fan cervexa
na noite son rumor e son estrelas
milleiros de estrelas noctilucas
un día submarino
noite acesa
vibrátil semen fresco
nubens no mar
por dentro
que tamén teñen troncos e centellas.